



| Guía Docente          |   |                    |                             |          |
|-----------------------|---|--------------------|-----------------------------|----------|
| Datos Identificativos |   |                    |                             | 2021/22  |
| Asignatura (*)        | Gramática Inglesa   | Código             | 613G03025                   |          |
| Titulación            |   |                    |                             |          |
| Descritores           |   |                    |                             |          |
| Ciclo                 | Período   | Curso              | Tipo                        | Créditos |
| Grao                  | 2º cuatrimestre   | Terceiro           | Obrigatoria                 | 6        |
| Idioma                | Inglés  |                    |                             |          |
| Modalidade docente    | Presencial  |                    |                             |          |
| Prerrequisitos        |   |                    |                             |          |
| Departamento          | Letras  |                    |                             |          |
| Coordinación          | Lezcano Gonzalez, Emma  | Correo electrónico | emma.lezcano@udc.es         |          |
| Profesorado           | Crespo Garcia, Maria Begoña   | Correo electrónico | begona.crespo.garcia@udc.es |          |
|                       | Lezcano Gonzalez, Emma  |                    | emma.lezcano@udc.es         |          |
| Web                   | www.udc.es/filo   |                    |                             |          |
| Descrición xeral      | Introdución ao estudo morfosintáctico das unidades léxicas e gramaticais da lingua inglesa fundamentalmente desde o punto de vista descriptivo aínda que tamén se abordará a súa práctica en uso a nivel avanzado.<br>Nivel de competencia lingüística que se espera alcanzar: C1 |                    |                             |          |



|                             |  |
|-----------------------------|--|
| <b>Plan de continxencia</b> | <p>1. Modificacións nos contidos</p> <p>Non se prevén cambios.</p> <p>2. Metodoloxías</p> <p>*Metodoloxías docentes que se manteñen</p> <p>Mantéñense todas pero de xeito telemático a través de correo electrónico, Teams e Moodle, utilizando as ferramentas informáticas máis axeitadas para cada metodoloxía, respectando o horario de aulas e de titorías e sen aumentar a carga de traballo do alumnado.</p> <p>*Metodoloxías docentes que se modifican</p> <p>Na presentación oral o alumnado poderá escoller entre a modalidade orixinal (en parellas) ou cambiar á modalidade individual. Poderá ser gravada ou feita en directo a través de Teams.</p> <p>3. Mecanismos de atención personalizada ao alumnado</p> <p>Correo electrónico: Consultarase de luns a venres en horario de 9:00 a 17:00.</p> <p>Moodle: En horario de aulas e en horario oficial de titorías.</p> <p>Teams: En horario de aulas e en horario oficial de titorías. Vídeo conferencia individual con cita previa.</p> <p>4. Modificacións na avaliación</p> <p>Non se realizarán cambios nas porcentaxes establecidas.</p> <p>*Observacións de avaliación:</p> <p>A(s) proba(s) mixtas fara(n)se a través de Moodle ou Teams nas datas establecidas e de xeito síncrono preferentemente.</p> <p>No caso de fallos xerais no sistema ou problemas de conexión xustificados a profesora facilitará a proba por correo electrónico ou utilizará a vía telefónica se é preciso.</p> <p>5. Modificacións da bibliografía ou webgrafía</p> <p>Dispoñerán dos materiais de traballo necesarios de maneira dixitalizada en Moodle.</p> |
|-----------------------------|--|

|  |  |
|--|--|
| <b>Competencias / Resultados do título</b> |  |
| <b>Código</b>                              | <b>Competencias / Resultados do título</b> |

|                                  |  |
|----------------------------------|--|
| <b>Resultados da aprendizaxe</b> |  |
| <b>Resultados de aprendizaxe</b> | <b>Competencias / Resultados do título</b> |



|   |     |                |  |
|---|-----|----------------|--|
| Dominar a gramática da lingua inglesa.  | A18 |                |  |
| Utilizar os recursos bibliográficos, as bases de datos e as ferramentas de busca de información.  | A1  | B1<br>B2<br>B3 |  |
| Ser capaz de comunicarse de maneira efectiva en calquera contorno.  |     | B5<br>B10      |  |
| Relacionar os coñecementos cos doutras áreas e disciplinas.   |     | B5             |  |
| Ter capacidade de organizar o traballo, planificar e xestionar o tempo e resolver problemas de forma efectiva.  |     | B2<br>B3<br>B6 |  |
| Utilizar as ferramentas básicas das tecnoloxías da información e as comunicacións (TIC) necesarias para o exercicio da súa profesión e para a aprendizaxe ao longo da súa vida. |     | B1<br>B2<br>B3 |  |
| Valorar criticamente o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñible para resolver os problemas cos que deben enfrontarse.   | A11 | B7             |  |

| Contidos                                |   |
|---|---|
| Temas                                   | Subtemas  |
| 1. Introducción                         | 1.1. Obxectivos do curso<br>1.2. Aproximacións descritivas e prescriptivas ao estudo da lingua inglesa<br>1.3. Erros básicos<br>1.4. Gramática e estilo<br>1.5. O ensino da gramática   |
| 2. Conceptos básicos                    | 2.1. Niveis de análise. A xerarquía de unidades gramaticais<br>2.2. A diferenza entre categoría e función<br>2.3. Terminoloxía básica   |
| 3. Descrición das unidades gramaticais  | 3.1 A frase verbal: tipos, estrutura, tempo, aspecto, modo e tipos de verbos.<br>3.2 A frase nominal: estrutura e elementos. O caso xenitivo. Xénero e número. Pronomes.<br>3.3. Frases adxectivales e adverbiais: características, diferenzas, estrutura e funcións.<br>3.4. Preposicións e conxuncións. |
| 4. A cláusula                           | 4.1. Tipos de cláusula<br>4.2. Cláusulas canónicas e non canónicas<br>4.3. Organización da información na cláusula  |
| 5. Procesos de formación de palabras    | 5.1 Derivación<br>5.2 Composición<br>5.3 Conversión o derivación cero<br>5.4 Outros procesos  |
| 6. Introducción á lingüística de corpus | 6.1. Principios básicos<br>6.2. Creación dun corpus   |

| Planificación         |                           |   |                         |              |
|-----------------------|---------------------------|---|-------------------------|--------------|
| Metodoloxías / probas | Competencias / Resultados | Horas lectivas (presenciais e virtuais) | Horas traballo autónomo | Horas totais |
| Sesión maxistral      | A18 B5                    | 19                                      | 19                      | 38           |
| Lecturas              | B1 B3 B6                  | 0                                       | 8                       | 8            |
| Obradoiro             | A11 A18 B6                | 21                                      | 21                      | 42           |



|                        |                     |   |    |    |
|------------------------|---------------------|---|----|----|
| Traballos tutelados    | A18 B1 B5 B6 B7 B10 | 1 | 20 | 21 |
| Presentación oral      | A18 B1 B2 B5 B6     | 4 | 20 | 24 |
| Proba mixta            | A1 A11 A18 B1 B5 B6 | 3 | 12 | 15 |
| Atención personalizada |                     | 2 | 0  | 2  |

\*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

| Metodoloxías        |   |
|---------------------|---|
| Metodoloxías        | Descrición  |
| Sesión maxistral    | Docencia expositiva por parte do profesor requirindo, en ocasións, a participación do alumnado para desenvolver certos temas.   |
| Lecturas            | Conxunto de referencias bibliográficas concretas (seccións de manuais, capítulos de libros, artigos, etc) seleccionados pola profesora para a preparación dos distintos contados da materia   |
| Obradoiro           | Modalidade formativa orientada á aplicación de aprendizaxes na que se poden combinar diversas metodoloxías/probas (exposicións, simulacións, debates, solución de problemas, prácticas guiadas, etc) a través da que o alumnado desenvolve tarefas eminentemente prácticas sobre un tema específico, co apoio e supervisión do profesorado. |
| Traballos tutelados | O alumnado terá que presentar por escrito e expoñer oralmente un traballo individual ou en grupo pequeno na data que se acorde. Os obxectivos, características, material de apoio e formato de presentación do traballo serán explicados na aula ao comezo do curso.  |
| Presentación oral   | Consistirá na exposición oral do traballo tutelado ou de parte del. Se o traballo se fai en grupo o alumnado poderá desenvolver a capacidade de traballar de xeito colaborativo   |
| Proba mixta         | Probas que integran preguntas abertas e preguntas obxectivas de resposta breve ou múltiple. Poderanse facer ao longo do curso ou nunha única proba final na data oficial proposta pola Facultade (esto último será obrigatorio no caso de que non se superen as probas mixtas feitas durante o curso).                                      |

| Atención personalizada                   |  |
|--|--|
| Metodoloxías                             | Descrición   |
| Traballos tutelados<br>Presentación oral | Para a realización do traballo tutelado e a presentación oral é fundamental que o estudiantado informe á profesora ao longo do cuadrimestre dos avances que vai facendo. |

| Avaliación          |                           |   |               |
|---------------------|---------------------------|---|---------------|
| Metodoloxías        | Competencias / Resultados | Descrición  | Cualificación |
| Traballos tutelados | A18 B1 B5 B6 B7 B10       | Valorarase tanto os coñecementos adquiridos como a orixinalidade dos enfoques e das aportacións e a corrección da expresión escrita.  | 20            |
| Presentación oral   | A18 B1 B2 B5 B6           | Levarase a cabo unha presentación oral sobre un tema de gramática cun enfoque didáctico. Ademais dos contidos e a orixinalidade, valorarase a corrección lingüística e expositiva e o manexo de distintas ferramentas para a exposición oral.           | 20            |
| Proba mixta         | A1 A11 A18 B1 B5 B6       | Realizaranse dúas probas parciais ao longo do curso OU unha proba final que se fará na data oficial marcada pola Facultade. Será obrigatorio presentarse á proba final se non se superaron as probas parciais durante o curso.                          | 40            |
| Obradoiro           | A11 A18 B6                | Ao longo do curso recolleranse e avaliaranse exercicios, pequenas tarefas ou actividades relacionadas co exposto e traballado nas aulas ou en relación coas lecturas recomendadas. Poderanse facer en datas fixadas con antelación ou sen previo aviso. | 20            |





**IMPORTANTE:** Para superar a

materia, a suma da proba mixta, o traballo tutelado, a presentación oral

e demais actividades avaliadas deberá ser 5

sobre 10, tendo en conta que a cualificación mínima

de cada unha das metodoloxías avaliadas (actividades de obradoiro/traballo tutelado/ presentación oral e proba mixta) deberá ser de 4 puntos sobre 10.

Aplicarase unha penalización sobre a cualificación

final de traballos e actividades se estes son entregados fóra de prazo

sen causa xustificada.

Os traballos con evidencia de plaxio serán calificados automaticamente cun 0. Para este fin poderá usarse a aplicación Turnitin, que recoñece traballos previamente presentados nesta ou noutras universidades, incluso do mesmo estudante.

As actividades extraordinarias ("extra-credit") que o

alumnado realice ao longo do cuatrimestre poderá supoñer ata un 5% extra na

nota final. Isto inclúe traballos voluntarios, lecturas alternativas ou

calquera outra actividade proposta polo profesorado, ou proposta polo alumnado

e aceptada polo profesorado.

Os alumnos/as que non se presenten o día das

probos obxectivos de xuño ou xullo acadarán a cualificación de NP, se

non entregaron máis do 50% de actividades durante o curso.

As datas do traballo tutelado, a presentación oral e a(s) proba(s) mixta(s) serán anunciadas con moita anticipación.

p.p1 {margin: 0.0px 0.0px 0.0px 0.0px; font: 10.0px Verdana; -webkit-text-stroke: #000000}

span.s1 {font-kerning: none}

**OPORTUNIDADE DE XULLO:** Os/as estudantes que non teñan acadado un 4 en cada un dos bloques avaliados (aínda que a nota media sexa superior a 5) terán que ir á oportunidade de xullo, na que poderán recuperar as partes suspensas segundo a seguinte distribución de porcentaxes: entrega dun traballo tutelado (20%), exposición oral (20%), actividades escritas semellantes ás avaliadas ao longo do curso (20%) e proba mixta sobre os contidos do curso (40%).

Os alumnos que se presentan á convocatoria adiantada de DECEMBRO avaliaranse segundo as normas especificadas para a oportunidade de xullo.

**Alumnado con dispensa:** O alumnado matriculado a tempo parcial e que

teña concedida unha dispensa académica, tal e como establece a Normativa desta

universidade, será avaliado en calquera das dúas oportunidades seguindo os

mesmos criterios que para a segunda oportunidade de xullo.

Atención á

diversidade: Existe

unha oficina (ADI) na universidade que se especializa en "atender os

membros da comunidade universitaria con necesidades especiais derivadas da

discapacidade ou doutras formas de diferenza fronte á poboación

maioritaria". O alumnado que o desexe pode poñerse directamente en contacto coa ADI

en <http://www.udc.es/cufie/uadi/>. Tamén no teléfono 5622 ou na

dirección de email [adi@udc.es](mailto:adi@udc.es).



## IMPORTANTE:

Para superar a materia, a suma da proba final, o traballo tutelado, a presentación oral e demais actividades avaliábeis deberá ser 5 sobre 10, tendo en conta que a cualificación mínima de cada unha das partes (actividades do obradoiro/ traballo tutelado e exposición oral do mesmo/proba mixta) deberá ser de 4 puntos sobre 10.

Aplicarase unha penalización do 25% sobre a cualificación final de traballos e actividades se estes son entregados fóra de prazo sen causa xustificada. Os alumnos/as que non se presenten o día das probas obxectivas de xuño ou xullo acadarán a cualificación de NP, se non entregaron máis do 50% de actividades durante o curso.

## AVALIACIÓN

**XULLO:** Os/as estudantes que non presenten o traballo tutelado, ou que non teñan acadado un 4 en cada un dos bloques avaliábeis (aínda que a nota media sexa superior a 5) terán que ir á oportunidade de xullo, na que cada estudante terá que demostrar ter acadadas as competencias da materia mediante a entrega dun traballo escrito e defensa oral do mesmo en substitución do traballo tutelado, a superación de actividades escritas semellantes ás avaliadas ao longo do curso e, finalmente, mediante unha proba mixta sobre os contidos do curso. As instrucións e porcentaxes concretas faranse públicas despois da publicación das cualificacións finais en xuño.

## Alumnado

con dispensa: O alumnado matriculado a tempo parcial e que teña concedida unha dispensa académica deberá porse en contacto co profesorado da materia a principio de curso para planificar, en cada situación concreta e individual, os axustes necesarios na avaliación, no tocante as porcentaxes de "obradoiro", "traballos tutelados" e "presentación oral".



## Fontes de información

|                                    |  |
|------------------------------------|--|
| <b>Bibliografía básica</b>         | <ul style="list-style-type: none"><li>- Bauer, L. (1991). English word-formation. Cambridge University Press</li><li>- Biber, D. et al (1999). Longman Grammar of the English Language.. Longman</li><li>- Carter, R. &amp; M. McCarthy. (2006). Cambridge Grammar of English.. Cambridge University Press</li><li>- Depraetere, I., &amp; Langford, C. (2012). Advanced English grammar: a linguistic approach. . London; New York: Continuum International Pub.</li><li>- Downing, A. &amp; P. Locke (1992). A University Course in English Grammar.. Prentice Hall.</li><li>- Greenbaum, S. &amp; Quirk, R (1990). A Student's Grammar of the English Language. Longman</li><li>- Halliday, M.A.K. (1985). An Introduction to Functional Grammar. Edward Arnold</li><li>- Hewings, M. (1999). Advanced Grammar in use.. Cambridge University Press</li><li>- Heynen, Bastian. (2010). Recent Trends in English Word Formation.. Grin Verlag.</li><li>- Huddleston, R. &amp; G.K. Pullum. (2005). A Student's Introduction to English Grammar.. Cambridge University Press</li><li>- Huddleston, R. (1984). Introduction to the Grammar of English. . Cambridge University Press</li><li>- Plag, I. (2003). Word-Formation in English. . Cambridge University Press</li><li>- Thomson, A.J. &amp; Martinet, A.V (1986). A Practical English Grammar. Oxford University Press</li></ul> |
| <b>Bibliografía complementaria</b> |  |

## Recomendacións

### Materias que se recomenda ter cursado previamente

Lingüística Xeral/613G03004

Lingua Inglesa e os seus Usos 1/613G03020

### Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Cuestións de Lingua Inglesa/613G03031

### Materias que continúan o temario

Lingua Inglesa e os seus Usos 2/613G03037

## Observacións

A good command of English (C1 level) is compulsory to pass this course.

(\*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías